



PLAN DE ACTUACIÓN ALUMNADO VULNERABLE

ENSINO VIRTUAL



CEIP PLURILINGÜE O RAMO
Barallobre (Fene)



Tal e como establece a **Resolución do 18 de febreiro de 2021**, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade, elabórase o seguinte **Plan Específico de Actuación**, co cal se pretende que as desigualdades non impidan que o noso alumnado en situación de vulnerabilidade, teña acceso a unha educación inclusiva, de calidade e en igualdade de condicións, co resto.

As **actividades-tipo** que se levarán a cabo, no caso de terse que suspender o ensino presencial para o alumnado co que interveñen as **PTs, AL e mestre do Arco** serán, as seguintes:

- Traballarase a articulación de fonemas, en sílabas e palabras.
- Fichas interactivas.
- Fichas de escritura creativa.
- Fichas de ortografía.
- Contos para as diferentes emocións
- Vídeos educativos para traballar as habilidades sociais.
- Fichas para reforzar principalmente, as áreas instrumentais.
- Diferentes xogos que favorezan a estimulación e expresión oral.

En canto os recursos materiais, empregaránse:

- Lotos fonéticos
- Articulemas.
- Edixgal



- Aula virtual do noso cole.
- Diferentes xogos interactivos.
- Contos curtos para favorecer a estimulación, expresión e comprensión oral.
- Materiais elaborados polos propios mestres (PT, AL e ARCO).
- <http://www.fundacionorange.es/aplicaciones/cuentos-visuales-jose-aprende/>
- <http://www.garoesur.com/12-cuentos-para-trabajar-la-educacion-emocional-el-proximo-curso-escolar/>
- <https://inteligenciaemocionalyhabilidadessociales.wordpress.com/mi-investigacion/actividades-y-cuentos/cuentos/>

No noso departamento de orientación, estará custodiado o programa individualizado do acneae, para intervir no suposto de confinamento domiciliario ou illamento por contaxio da COVID19 ou por contacto estreito cun positivo.

En dito plan, se reflicte o número de sesións nas que recibirá apoio, as actividades a realizar cunha temporalización de 14 días e os recursos materiais e persoais, así coma as ferramentas dixitais que se van empregar. Darase a coñecer ás familias implicadas.

No caso de suspensión do ensino presencial, a comunicación cas familias, farase a través dos medios telemáticos oficiais (videoconferencia, chamada telefónica, aula virtual...), sempre que o requiran.

O importante é manter contacto coas mesmas e que os/as seus/súas fillos/as podan seguir recibindo, resposta as súas necesidades. Ao mesmo tempo, o alumnado con neae conectarase en varias sesións co grupo-clase que lle corresponde, para seguir traballando a súa inclusión e habilidades sociais, aínda que sexa de xeito virtual.

Barallobre (Fene), 14 de setembro de 2021



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

C.E.I.P. Plurilingüe O RAMO

Pablo Ares Feal, 28. 15528 Barallobre-Fene (A Coruña) - T: 881930137 / 881930138. NIF: Q6555528F
correo: ceip.oramio@edu.xunta.es web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiporamio/>

